



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
CATORCE DE MAIO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catorce de maio de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (28/04/2014).

Dáse conta das actas das sesións extraordinaria e ordinaria celebradas o vinte e oito de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2013.

Dáse conta da Conta Xeral do orzamento correspondente ao exercicio 2013, que consta das seguintes partes, segundo o disposto no artigo 209 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e na Orde de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local:

A.- BALANCE DE SITUACIÓN

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	PASIVO
5.472.121,53	5.472.121,53



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



B.- CONTA DE RESULTADOS

INGRESOS AÑO 2013	3.404.524,12
INGRESOS AÑOS ANTERIORES	0,00
GASTOS AÑO 2013	2.972.095,66
GASTOS AÑOS ANTERIORES	31.579,54
RESULTADO TOTAL (AFORRO)	400.848,92

C.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS EN 2013	3.564.306,89
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS EN 2013	- 3.532.636,22
DIFERENZA: RESULTADO DO EXERCICIO	31.670,67
GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA	0,00
DESVIACIÓN DE FINANCIAMENTO POSITIVAS	-26.859,70
RESULTADO AXUSTADO (SUPERAVIT)	4.810,97

Quedando ao final do exercicio:

DEBEDORES DEREITOS RECOÑECIDOS	389.498,29
ACREDORES OBRIGAS RECOÑECIDAS	347,205,86

D.- ESTADO DEREITOS E OBRIGAS EXERCICIOS ANTERIORES

DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	168.501,41
ACREDORES PENDENTES DE PAGO	0,00

E.- COMPROMISOS CON CARGO A EXERCICIOS FUTUROS

Negativo.

F.- ESTADO DA TESOURERÍA

	EX. INICIAL	COBROS	PAGOS	EX. FINAL
CAIXA	1.159,40	43.242,51	44.084,02	317,89
BANCOS	18.125,13	5.404.266,72	5.405.392,93	16.998,92
S/SAÍDA	0,00	2.966.227,86	2.966.227,86	0,00
TOTAL	19.284,53	8.413.737,09	8.415.704,81	17.316,81

G.- ESTADO DA DÉBEDA

Negativo.

H.- REMANENTE DE TESOURERÍA

+ FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA A 31/12/2013	17.316,81
--	-----------



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



+ DEBEDORES PTES. DE COBRO A 31/12/2013 (NETOS)	581.310,66
- ACREDORES PTES. PAGO A 31/12/2013 (NETOS)	653.645,85
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	- 55.018,38
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	0,00
EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO	26.859,70
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	- 81.878,08

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada conta xeral.

3º.- Acordo, se procede, sobre do Plan DTC 93 Unha Deputación para todos os concellos.

Dáse conta das bases reguladoras do *Plan DTC 93 Unha Deputación para todos os concellos* aprobadas polo Pleno da Deputación con data 20/12/2013 (BOP núm. 5/14, do 9 xaneiro) , posteriormente adaptadas ás esixencias da nova disposición adicional décimo sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira (BOP núm. 62/14, do 1 de abril).

De acordo coas mesmas, propónse:

1º.- Participar no *Plan DTC 93: Unha Deputación para todos os concellos* da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A)Obras e subministracións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Bacheos en San Mamede, San Miguel, Santa Cruz de Ribadulla e outros	64.762,38	0	64.762,38
Arranxo de camiños en Romarís, Quintáns -Matelo, e San Pedro de Sarandón	55.175,53	7.413,52	47.762,01
TOTAL	119.937,91	7.413,52	112.524,39

Aprobar as correspondentes memorias técnicas.

B)Achegas municipais a outros plans , programas ou convenios

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLÚE	FINANCIAMENTO DESAGREGADO	ACHEGA PROVINCIAL
<i>Acondicionamento de camiños en O Castro, Laraño, San Pedro de</i>	101.847,79	12.484,34



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



<i>Sarandón, Cubelas e A Boca (Código 14.2100.0201.0) do POS 2014</i>		
<i>Acondicionamento de camiños municipais en Texo, A Ferreira e San Miguel de Sarandón (PROGRAMA FEADER)</i>	61.025,2	10.479
TOTAL	162.872,99	22.963,34

2º.- Solicitar autorización para levar a cabo a obra de *Bacheos en San Mamede, San Miguel, Santa Cruz de Ribadulla e outros* por administración.

3º.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para execución da obra.

4º.- Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito abondo para o seu financiamento.

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegárase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º.- Autorízase á Deputación a obter certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A Presidencia aclara que o proxecto de arranxos inclúen a todas as parroquias, aínda que no título do mesmo só figuran algunhas.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE expón que o 30/12/2013 saíron publicadas no BOP as bases reguladoras deste plan DTC 93 Unha Deputación para todos os concellos, e despois o 01/04/2014 as modificadas, onde se recollían especificamente as actuacións que eran obxecto de subvención en tres apartados e se establecía que o prazo de solicitude era do 01/04 ao 19/05; chamándolle moito a atención que o pasado luns, cando xa estaba convocada a Comisión Informativa de Urbanismo e Plans, o seu grupo acudiu ao concello para estudar os expedientes incluídos na orde do día das comisións, atopándose que de súpeto as obras que se ían incluír non entraban, solicitando aclaración de por que a estas alturas nos vemos na obriga de modificar a proposta e meter todo en arranxos, que fan falta, pero habendo outras actuacións en vista e despois de mes e medio, o que pon de manifesto a falta de dilixencia do equipo de goberno á hora de facer as xestións deste plan.

Tamén solicitan aclaración sobre en que medida esta modificación da proposta vai afectar ás previsións contempladas no orzamento municipal de cara a que se ían incluír neste DTC o financiamento municipal a determinados proxectos e isto agora queda comprometido, e solicitan que dos poucos recursos que van chegando que sexan dilixentes na súa xestión para obter o maior beneficio posible deles.

A Presidencia di que non se trata dunha falta de dilixencia do equipo de goberno, senón dunha simple cuestión, que en principio ás obras previstas cando se debateron e aprobaron os orzamentos municipais entraban todas, e no momento en que o 1 de abril



se modifican as bases e a Deputación nos remite a circular sobre das condicións dos proxectos a incluír no plan non inclúe no programa 933 -Xestión do Patrimonio: aplicadas á rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público, o seguinte parágrafo (só os adscritos a servizos públicos que non correspondan cos contemplados nos restantes programas de estrutura presupostaria local), co que un dos proxectos, a reforma da cuberta da terceira idade de Vedra, de 40.000 euros, non entra, aclarádonolo a Deputación o luns a primeira hora; véndonos na obriga de incluír, coma a maioría dos concellos das nosas características aos que consultamos, un novo proxecto de acondicionamento de camiños. Malia o anterior di que se farán os pedimentos necesarios e suficientes para acometer tamén esta obra, que estaba prevista, tentando manter o equilibrio presupostario, que é a primeira prioridade do equipo de goberno, e sen perder ningún dos investimentos que estaban previstos nos orzamentos deste exercicio, buscando os cartos que falten.

Dona Lucía González dálle as grazas polas explicacións manifestando que o voto do seu grupo vai ser a abstención.

O Sr. Pose do BNG expón que houbo unha queixa dende a Fegamp sobre deste plan en particular, do xeito en que a Deputación de A Coruña reparte o diñeiro, posto que se solicitou que se fixese como o resto das provincias e que se tivesen en conta os criterios do POS para o reparto e a Deputación non o fixo. Di que curiosamente o que vai acontecer é que os cartos van a parar a Coruña, a Santiago e a Ferrol, as tres cidades que concentran o 60% da poboación da provincia e onde se sabe que o PP ten problemas nos gobernos municipais, xusto ademais un mes antes dun proceso electoral.

Ademais a forma de controlar ese pouco diñeiro que imos recibir non lle parece lóxica, e obrigándonos por encima a gastalo en asfaltados, polo que o BNG non vai participar nisto, é cousa do PP e polo tanto teñen que xestionalo como queiran, anunciando a súa abstención na votación.

O Pleno, con sete votos a favor do PP e TEGA e cinco abstencións do PSdG-PSOE e BNG acorda aprobar a citada proposta.

4º.- Aprobación, se procede, da modificación do regulamento de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Vedra.

Visto o artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, que establece que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das Administracións Públicas só poderán facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.

Vista que a entrada en vigor do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD 15/1999), aprobado mediante o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro (RD 1720/2007), introduciu, a través dos artigos 53 e 54, algunhas novidades en canto á forma e contidos da disposición, destacando a necesidade de especificar o sistema de tratamento do ficheiro, podendo ser automatizado, non automatizado ou parcialmente automatizado.



Vista a Preauditoría realizada pola empresa RC Servicios de Consultoría Gallegos SL (SERCONGAL) relativa ao nivel de adaptación do Concello de Vedra á LOPD 15/1999 e o RD 1720/2007.

Resultando que este concello dispón do REGULAMENTO DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE VEDRA aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrado o día 28/03/2012, e publicado o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia núm. 101/12, do trinta de maio.

A fin de cumprimentar o establecido no artigo 20 da dita Lei, así como no artigo 52 e 54 do seu Regulamento de desenvolvemento da dita Lei, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar a modificación do Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do concello de VEDRA, e dos seus correspondentes anexos:

1.1. Rectificación da disposición reguladora anteriormente mencionada, onde se incluírán as categorías dos datos que non figuraban naquela disposición reguladora para os ficheiros “Participantes en acciones de promoción de emprego” y “Agentes de promoción económica”, segundo anexo de esta resolución.

Ficheiro: AXENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Promoción económica
	b) Usos previstos	Emprego e persoal
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrados	Persoal contratado polo Concello como axente de promoción económica.	
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal	O propio traballador mediante: Enquisas, declaración oral, formularios, transmisión electrónica, ...	
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos de identidade: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, sinatura/ impresións dixitais, fotografías. Datos académicos e profesionais: formación, titulacións, experiencia profesional.	
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países.	Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fóra do territorio do Espazo Económico Europeo. A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.	
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO DE VEDRA	
G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso,	CONCELLO DE VEDRA AVENIDA MAESTRO MANUEL GOMEZ	



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



rectificación, oposición e cancelación	LORENZO nº 1 15885 VEDRA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Básico.
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado

Ficheiro: PARTICIPANTES EN ACCIONES DE PROMOCIÓN DE EMPREGO

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Xestión e realización de accións e promoción do emprego. Traballo e benestar social.
	b) Usos previstos	Emprego e persoal
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrados		Emprendedores, empresarios, persoas en desemprego, calquera demandante de asesoramento en formación ou participante na mesma. (cidadáns e residentes, solicitantes, beneficiarios, demandantes de emprego)
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Enquisas, declaración oral, formularios, transmisión electrónica, ...
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos de identidade: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, sinatura/ impresións dixitais, fotografías, nº afiliación á S.Social. Datos académicos e profesionais: formación, titulación, experiencia profesional, pertenza a Colexios ou colectivos profesionais.
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países		Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fóra do territorio do Espazo Económico Europeo. A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro		CONCELLO DE VEDRA
G.- Servizo ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación		CONCELLO DE VEDRA AVENIDA MAESTRO MANUEL GOMEZ LORENZO, nº 1 15885 VEDRA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible		Básico
I.- Sistema de tratamento		Ficheiro parcialmente automatizado

1.2. Eliminación dos ficheiros de carácter persoal:

Canceláronse por non adaptarse á lexislación actualmente existente os ficheiros incluídos no ámbito da Lei 15/1999 creados antes da aprobación do Regulamento de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



desenvolvemento desta Lei polo Real Decreto 1720/2007, e que son os que a continuación se indican:

Nome do ficheiro	Motivo	Destino datos
ALISTAMIENTOS	Innecesariedade-anulación	Arquivo histórico
ACTIVIDADES CLASIFICADAS	Innecesariedade-anulación	Arquivo histórico

1.3. Creación de novos ficheiros de carácter persoal denominados:

Agentes de promoción económica.
Participantes en accións de promoción de emprego.
Albergue peregrinos.
Arquivo histórico.
Punto de información catastral.
Biblioteca municipal.
Declaración da existencia de viño.
Demandantes de emprego.
Educación de adultos.
Educación familiar.
Formación.
Exención IVTM ou bonificacións do IBI e lixo.
Gabinete de alcaldía.
Certificados e informes de bens rústicos, urbanos e VTM.
Gardería municipal.
Mantemento e actualización do blog do concello.
Mantemento informático.
OMIC.
Asesoramento xuvenil (OMIX)
Operarios de protección civil.
Padrón fiscal e taxas de lixo e subministros.
Programación de actividades para a terceira idade.
Rexistro de entrada e saída da Deputación.
Inscripcións en actividades deportivas, formativas e culturais.
Rexistro municipal de asociacións.
Rexistro de animais de compañía
Vedra educa.
Servidores e mantemento.
Rexistro de licencias de armas de aire comprimido e animais potencialmente Perigosos
Conxuga.
Siuss.
Punto limpo.
Rexistro de parellas de feito.
Rexistro portelo único da Xunta.
Saf.
Soporte administrativo de servizos sociais.
Trámites e expedientes de urbanismo.
Xestión tributarias.



1.3. Modificando os ficheiros de carácter persoal existentes no seu correspondente nivel de seguridade, sistema de tratamento e na súa nomenclatura, asignándolle o que se relaciona:

1. Padrón. Denominación: Padrón de habitantes. Nivel de seguridade básico. Sistema mixto.
2. Debedores tributarios. Denominación: Recadación. Nivel de seguridade medio. Sistema mixto.
3. Económico-Contable. Denominación: Contabilidade. Nivel de seguridade básico. Sistema mixto.
4. Nómina. Denominación: Nóminas e persoal e RRHH. Nivel de seguridade básico. Sistema mixto.
5. Rexistro de documentos. Denominación: Rexistro de entrada e saída. Nivel de seguridade alto. Sistema mixto.
6. Licencias Urbanísticas. Denominación: Licenzas urbanísticas. Nivel de seguridade básico. Sistema mixto.
7. Beneficiarios de transporte escolar. Denominación: Beneficiarios de transporte escolar. Nivel de seguridade básico. Sistema mixto.

1.3. Renumeroando os ficheiros contidos no exposto no Regulamento de ficheiros de datos de carácter persoal do concello de Vedra tendo en conta as anteriores altas e supresións, así coma os ficheiros xa inscritos con anterioridade no Rexistro Xeral da Axencia Española de Protección de Datos, de xeito que o dito artigo 2 así como as correspondentes modificacións dos anexos quedarían como de seguido, se transcriben:

1. Padrón de habitantes.
2. Recadación.
3. Contabilidade.
4. Nóminas e persoal e RRHH.
5. Rexistro de entrada e saída.
6. Licenzas urbanísticas.
7. Beneficiarios de transporte escolar.
8. Axentes de promoción económica.
9. Participantes en accións de promoción de emprego.
10. Albergue peregrinos.
11. Arquivo histórico.
12. Punto de información catastral.
13. Biblioteca municipal.
14. Declaración da existencia de viño.
15. Demandantes de emprego.
16. Educación de adultos.
17. Educación familiar.
18. Formación.
19. Exención IVTM ou bonificacións do IBI e lixo.
20. Gabinete de alcaldía.
21. Certificados e informes de bens rústicos, urbanos e IVTM.
22. Gardería municipal.
23. Mantemento e actualización do blog do concello.



- 24.Mantemento informático.
- 25.OMIC.
- 26.Asesoramento xuvenil (OMIX)
- 27.Operarios de protección civil.
- 28.Padrón fiscal e taxas de lixo e subministros.
- 29.Programación de actividades para a Terceira Idade.
- 30.Rexistro de entrada e saída da Deputación.
- 31.Inscripcións en actividades deportivas, formativas e culturais.
- 32.Rexistro municipal de asociacións.
- 33.Rexistro de animais de compañía
- 34.Vedra educa.
- 35.Servidores e mantemento
- 36.Rexistro de licenzas de armas de aire comprimido e animais potencialmente perigosos
- 37.Conxuga.
- 38.Siuss.
- 39.Punto limpo.
- 40.Rexistro de parellas de feito.
- 41.Rexistro portelo único da xunta.
- 42.Saf.
- 43.Soporte administrativo de servizos sociais.
- 44.Trámites e expedientes de urbanismo.
- 45.Xestión tributarias.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada modificación.

5º.- Acordo, se procede, sobre baixa da reserva do dominio público radioeléctrico na Secretaría de Estado de Telecomunicaciones y para la Sociedad de la Información.

En función da proposta da comisión informativa correspondente retírase da orde do día.

6º.- Acordo, se procede, sobre moción conxunta dos grupos políticos municipais de Vedra relativa ao anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Dáse conta da seguinte proposta:

Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle:

- a) A retirada do anteproxecto da Lei orgánica do poder xudicial aprobado polo Consello de Ministros que inclúe unha organización xudicial baseada na existencia dun único tribunal de instancia de ámbito provincial.
- b) Reconsideración da reforma dende o diálogo e o consenso onde se defina un modelo adecuado ás particularidades socioeconómicas, territoriais e demográficas de Galicia, mantendo, cando menos, os partidos xudiciais das cabeceiras de comarca
- c) Así mesmo que calquera reforma que se formule se faga dende o prisma do dereito á tutela xudicial efectiva primando a accesibilidade á mesma.
- d) Supresión das taxas xudiciais.



A Presidencia di que lle gustaría que se aprobase por unanimidade, e senón co maior consenso posible, a través desta moción conxunta de todos os grupos, porque coa unanimidade pódese ter a forza para levar este tipo de modificacións normativas. Sinala tamén que se trata dun primeiro paso, logo virá o segundo e máis importante, que é a nova planta de demarcación xudicial, pero se non se cambia a Lei orgánica será difícil despois actuar sobre da nova planta xudicial.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE quere deixar constancia dunha serie de reflexións e a proposta dun pequeno engadido á parte dispositiva.

Di que a postura do seu grupo é que se para mellorar a xustiza é necesario formular unha reforma que se faga, pero dende logo unha deste calibre debe estar sometida a un extremo rigor e sempre expoñendo un debate sosegado, ben informado, e sempre dende o coñecemento e dende a conciencia da necesidade de adaptarse ás singularidades de cada zona. Ese debate, ese rigor e sosego para facer as cousas son cuestións primordiais que non se tiveron en conta aquí, nin en ningunha das propostas do ministro Gallardón.

Sinala ademais que una lei como esta que pretende cambiar ten agresións e que afectan a todo o sistema xudicial realmente debería esixir ante todo o diálogo de todas as partes afectadas: profesionais, cidadanía, ...porque ademais de estar molestos as súas posibilidades de acceso á xustiza vense gravemente afectadas, quizais a reforma se formule dende o punto de vista de que os partidos xudiciais son anacrónicos, e quizais o anacrónico é xustamente o que se pretende facer, podendo as cabeceiras de provincia como parte da lanza de impartir da xustiza.

Expón tamén que os partidos xudiciais ao longo do tempo mostráronse máis que efectivos á hora de achegar esa tutela xudicial a toda a cidadanía, e outra cousa é que determinados partidos pola evolución socio-económica de zona quedaron desfasados con máis ou menos carga de traballo. Di que coa reforma se pretende reducir custos, pero cabe cuestionarse con cargo a quen: mantemento de edificios, pero tamén previsiblemente coa redución de equipos de traballo, que vai levar consigo retardar a xustiza, dificultando aínda máis unha tutela xudicial efectiva que non vai estar garantida porque os procedementos vanse retardar, quizais o que se pretende que os cidadáns se desanimen posto que ademais de pagar unhas taxas vanse ter que desprazar para facer uso da xustiza.

Para rematar solicita que ademais de solicitarlle ao Goberno do Estado se lle pida á Xunta de Galicia que non se conforme coas sete grandes cidades e que apoién unha reforma xudicial nos termos que aquí se están a formular.

O Sr. Pose do BNG di que vai votar a favor, porque prefire que se apoie e que vaia deste xeito.

Sinala que ao final este anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial e a reforma da administración local é unha estratexia política tramada a nivel nacional que é inamovible. Coa reforma da administración local, di que o que se fai é detraer servizos dos pequenos e non tan pequenos concellos facéndose cargo deles a Deputación Provincial, que curiosamente están nas capitais de provincia, e ao final esta concentración de servizos paran na casa de aquelas ex-construtoras que xa non poden vivir das edificacións e terminan dando servizos.

Expón tamén que esta moción xa nace morta porque a intención desta lei orgánica é sacar os partidos xudiciais e centralalos en instancias provinciais que curiosamente volven a estar nas capitais de provincia, co que non lle estraña que



apoien a moción, pero non deben esquecer que é unha estratexia do seu propio partido, facéndolle grazas que leven tres anos dándolle de tortas con mocións aprobadas por eles mesmos e en contra do seu partido, que dende logo de estar no seu caso deixaría o partido.

Polo que respecta á moción do BNG di que o tema de sacar as referencias ao nacionalismo non o entende, e pídelle que se miren ao espello porque son galegos, e nalgún momento haberá que negociar una reforma da constitucional e non van a estar lexitimados despois de tantos anos de sometemento.

O Sr. Alvela de TEGA di que a moción se retocou coa idea de que fose apoiada por todos os grupos políticos municipais, sinalando o difícil que é aprobar leis, independentemente de quen as presente, posto que nunca chove a gusto de todos, víndolle á memoria unha nova que leu no xornal de que na reforma da Lei do solo se aceptaron todas as propostas do PSdG-PSOE e aínda así non a apoiaron.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar unha moción conxunta coa seguinte parte dispositiva:

Dirixirse ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia a fin de solicitarlles:

- e) A retirada do anteproxecto da lei orgánica do poder xudicial aprobado polo consello de Ministros que inclúe unha organización xudicial baseada na existencia dun único tribunal de instancia de ámbito provincial.
- f) Reconsideración da reforma dende o diálogo e o consenso onde se defina un modelo adecuado ás particularidades socioeconómicas, territoriais e demográficas de Galicia, mantendo, cando menos, os partidos xudiciais das cabeceiras de comarca.
- g) Así mesmo, que calquera reforma que se formule se faga dende o prisma do dereito á tutela xudicial efectiva primando a accesibilidade á mesma.
- h) Supresión das taxas xudiciais.

7º- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

Á pregunta de dona Lucía González sobre o deseño da nova páxina web, a Presidencia di que efectivamente se fixo ese novo deseño, que está aloxado no servidor do concello, se ben non está aberto ao público, porque os técnicos do servidor do concello lle comunicaron que existía unha serie de cuestións técnicas en relación á mesma: necesidade de IS, JAVA,...e outras que o levaron a tomar a decisión de intentar resolvelas antes de poñela en funcionamento.

A mesma concelleira dille que as facturas son do ano 2012, e a Presidencia sinala que se está intentando resolver esas cuestións técnicas e poñela en funcionamento o antes posible, que ogallá poida ser antes do verán, e que están estudando as mesmas que leva o servidor do concello non a que deseñou a páxina, polo que en principio preténdese que non teña ningún custo adicional.

De seguido a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Secretario, que procede á lectura do informe emitido con respecto ás facturas emitidas por Sogama co novo canon



Á pregunta do céntimo sanitario, a Presidencia di que se estudou o tema e conscientemente non se solicitou, procedendo á lectura do informe do técnico que estudou o tema, no que se di que só se poden ter en conta determinados hidrocarburos (basicamente as gasolinas, gasóleos, fuel óleo e o queroseno sempre que non sexa usado como combustible de calefacción, quedando excluído tamén o gasóleo agrícola ou B). Así mesmo o IVMDH (Imposto sobre as Ventas ao por menor de Determinados Hidrocarburos) deixou de estar vixente o 31/12/2012, polo que non se devolverá por subministros posteriores a esa data, nin tampouco por períodos anteriores a 2010 (xa prescritos), salvo que o solicitante poida acreditar a interrupción da prescrición.

Xunto co departamento de Tesourería realizáronse os cálculos de combustible consumidos dende o 01/01/2010 ata o 31/12/2012, resultando a cantidade de IVMDH (céntimo sanitario) susceptible de devolución inferior a 1.000 euros.

Tendo en conta a documentación que se debe presentar e xuntar á solicitude de devolución para acreditar o gasto (facturas escaneadas ou fotocopiadas de cada consumo), dada a súa localización, preparación e escaneado ou fotocopiado requiriría como mínimo dunha persoa durante unha ou dúas semanas, polo que valorando todo a Alcaldía decidiu non solicitar a devolución.

Á pregunta sobra da planificación en canto á limpeza de pistas e gábeas, a Presidencia di que o equipo de goberno está a aplicar o sentido común, se ben é certo que levamos dous invernos moi duros, sobre todo este último que foi realmente duro e longo, e onde apenas hai un mes que deixou de chover. En calquera caso no 2014 foi a partir de abril cando parou de chover e se puido actuar no mantemento das pistas e limpeza de gábeas. Polo que respecta ao arranxo de pistas comezouse tan pronto o permitiron as condicións climatolóxicas, incluso outros concellos comezaron antes de tempo e foi como tirar o diñeiro, porque acabouse por levantar todo o feito, e incluso a nivel persoal el era partidario de comezar antes pero os propios membros da brigada municipal o convenceron de que aínda non era o momento oportuno.

Di tamén que calculan que a finais de maio ou principios de xuño estea bacheado todo o concello, aproveitando para felicitar aos membros da brigada municipal de obras polo esforzo e traballo que está a levar a cabo, pedíndolle que non importaba que levase máis tempo ou máis aglomerado, pero que quedase ben, podéndose comprobar que arranxos de exercicios pasados están ben aínda hoxe. Nestes momentos están feitos os arranxos de Ponte Ulla, Santa Cruz, San Mamede, Vilanova, Merín, San Miguel, estando nestes momentos na parroquia de San Pedro de Sarandón.

En canto á limpeza das gábeas, ademais da limpeza das pistas de monte que se fan no inverno, as condicións climatolóxicas tamén provocaron o retraso, ata principios de abril, na limpeza das outras pistas. Ademais de que a combinación de choiva e calor a mediados de abril fixo que a herba medrase en todos os sitios dun xeito esaxerado, solicitándolle tamén aos dous tractoristas un esforzo máis grande, están a traballar duro e moito, de tal xeito que a día de hoxe están limpas as parroquias de San Miguel, Ponte Ulla, Merín, Trobe, Illobre, San Fins e están en Vedra e en Santa Cruz, tendo o criterio de separar aos tractoristas porque os resultados son mellores e avanza máis, e tan pronto rematen comezase de novo a darlle unha nova volta a todas, sen esquecer que se dispón só de 6 traballadores, 3 da brigada de obras, 2 tractoristas e Manuel Lobato que se incorpora a este servizo; ademais de todo isto son habituais os pedimentos a maiores das parroquias. Neste aspecto estase a facer un esforzo moi importante con sentido común, aínda que efectivamente todo é mellorable.

En canto á planificación das pistas, recorda que estamos a pasar os peores anos de crise económica, que existe restrición orzamentaria en todas as administracións, e a pesar



disto neste ano e pasados fóronse acometendo algunhas actuacións en pistas;este ano máis como reflectiu o voceiro do BNG, segundo criterios fundamentais para o equipo de goberno: o nivel de tránsito e o estado da vía, como pasou con dúas pistas de San Fins de Sales, e incluso nalgunha como acontece coa de Vedra a Merín, que está incluída no POS 2014, que necesita aglomerarse.

De todos os xeitos a intención do equipo de goberno é ter elaborado nos vindeiros dous meses, un catálogo de todas as pistas municipais, con estes dous criterios, e que todos o coñezan para que fagan as súas achegas e opinións que teñan ao respecto.

-Ás preguntas do Sr. Cobas do PSdG-PSOE a Presidencia contesta:

1.-Sobre do expediente de dona Amelia Fernández, a Presidencia di que o 06/03/14 ordenouse a execución para legalizar as obras non executadas ao abeiro da licenza declarada caducada. O 27/03/2014 o Sr. Rendo presentou escrito comunicando o remate das obras achegando certificación do técnico correspondente.

A finais de abril foi a aparelladora municipal inspeccionar as obras e informou de que en principio as obras que se formulaban estaban rematadas, estando á espera de que se emita un novo informe por parte da técnica municipal sobre da limpeza xeral do sitio, escombros, ...etc, que se lle comunicará a Sra. Fernández

En canto á retirada de iluminacións que están en fincas privadas despois dos procesos de concentración parcelaria, di que estas circunstancias danse en máis parroquias que en Ponte Ulla, e que se apagarán en todas; nelas se os propietarios queren utilizar o poste para enganchar eles e pagar eles a luz poden, porque o custo para o concello de retirar eses postes é maior có prezo dos mesmos, solicitando a colaboración de todos para coñecer os casos posibles.

Á pregunta sobre do polígono industrial di que estamos nunha situación de bloqueo por parte de ANIDA. O BBVA quedouse cos terreos da UTE e este transmitiunos a ANIDA, que é a inmobiliaria do banco, coa que se tiveron varias reunións e nas que formularon unha cuestión , que o convenio coa UTE non lles afectaba por algunhas cuestións, e antes de iniciar un contencioso que duraría entre 5-8 anos, dende o concello intentouse negociar, avanzouse moito, ata que dende hai uns meses a persoa de Madrid coa que se falaba nos indicou que tomaramos as decisións que consideraramos oportunas porque non lles interesaban os terreos. Á vista do cal encargóuselle ao Sr. Roibás que estudase o tema para formular a demanda correspondente, posto que o banco ten unha débeda importante co concello. Di que despois destas xestións a sorpresa foi unha chamada da Sección Noroeste de Anida para intentar retomar o tema. Tivemos un primeiro contacto con eles, explicóuselles todo, basicamente que eles teñen que pórse ao día nos pagos, e que aínda que é certo que nestes momentos os empresarios non están en situación de desenvolver o polígono, sería conveniente intentar chegar á aprobación inicial, e solicitóuselle ter unha resposta antes do 30 de maio para a reunión que ten convocada a Cooperativa de Empresarios.

Por último di que ao sen entender sería conveniente ter unha xuntanza de todos os voceiros para estudar a fondo como está a situación.

Á pregunta do BNG sobre da cesión dos locais públicos , a Presidencia pídelles desculpas posto que se lle pasou totalmente, pero que nesta semana retomará o tema.

8º.- Rogos e preguntas



Dona Lucía González do PSdG-PSOE agrádelle ao Sr. Secretario á dilixencia con que elaborou o informe solicitado sobre do canon de Sogama, sinalando que cre que dende a Fegamp se remitiu a todos os concellos comunicado de que van a encargar un informe xurídico sobre deste tema.

Di que en principio vai pagarse, aplicando un principio de prudencia e para non entrar en conflito coa Xunta de Galicia, que ten a “tixola pola man” e de onde detraer os fondos necesarios, pero pregunta se non vai queixarse aínda que só sexa un pouquiño.

A Presidencia di que si se vai queixar pero que neste caso é importante dispor dun informe xurídico da Fegamp o antes posible.

A citada concelleira, di que a factura de marzo ascende a 10.121,00 euros fronte a de marzo de 2013 que era de 7.483,00 euros, e a diferenza basicamente correspóndese co canon , 2.600 euros/mes; que en 10 meses supoñen 25.000 euros, unha cantidade nada desdeñable para a economía municipal. Por outra banda -di- segundo o informe do Sr. Secretario a vixencia do convenio é ata o 31/10/2014, e hai que formular se seguir en Sogama,asinando un novo convenio, ou estudar outras alternativas ou opcións, traendo de novo a colación o artigo publicado o 31/03/2014 no xornal El Faro de Vigo de que este incremento pode non ser suficiente para garantir a viabilidade de Sogama.

A Presidencia di que o que lle preocupa e que outros concellos que están en Lousame tamén están a formular a posibilidade de saír polos custos que lle supón, sinalando a voceira do PSdG-PSOE que existen concellos, como o de Piñor (Ourense) que deberían ser tomados como exemplo, ao estar fóra de Sogama e xestionan perfectamente cunha cidadanía responsable implicada no mantemento do servizo de mellor calidade, e outros como Oroso que tamén están a formular outras formas distintas de xestión, polo que experiencias distintas existen, ao mellor á marxe de sistemas de xestión como Sogama, Lousame e Nostián, co que cree que deben estudarse .

A Presidencia di que as decisións hai que estudalas con todos os datos e entres todos, á vista dos datos dos que se dispoñan, e esa decisión hai que tomala antes do 31/10/2014.

O Sr. Alvela de TEGA di que o tema de Oroso que saíu na prensa requiría un investimento de 100.000 euros ademais de dispor de persoal para facer unha selección de residuos para abaratar os custos.

Dona Lucía González di que descoñece o tema de Oroso, pero que non obstante hai que estudar todos as alternativas

De seguido formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Na Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas na que se debateron os ornamentos, dixéronlle que a traballadora da ludoteca dona Lucía Sevio causaría baixa no mes de setembro. Como se vai cubrir esa baixa para garantir a continuidade



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



do servizo nas mesmas condicións actuais?. Roga se inicien os trámites necesarios para cubrir esta baixa inmediatamente de que se faga efectiva.

2.- Sobre do convenio de axuda no fogar no pasado pleno o concelleiro encargado informounos de que contaban en que o novo convenio estivese en negociación cos sindicatos, rogándolles novidades ao respecto.

O Sr. Lema, concelleiro de Servizos Sociais, di que están na fase final do convenio, e que o vindeiro mércores 21 de maio está prevista unha xuntanza da Mesa de Negociación.

O Sr. Pose do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga que se poña a traballar no tema de Sogama, porque levan tres anos dándolle voltas, incluso hai un par de anos pediulle ao Sr. Alcalde que colgase na web unha documentación, que está aí, e mingúen do concello se enganhou para vela; e que o que acontece agora non ten nada que ver co problema básico, que a Xunta subvenciona o 50% dos gastos, que vai deixar de facer porque así lle obrigará Europa e que suporá un novo incremento do prezo nun 20%, solicitando que non se renove o convenio con Sogama e que se inicie a vía xudicial contra ela.

2.- Solicita coñecer se o concello ten abertas contas na entidade BBVA, posto que só faltaba que encima de tomarnos o pelo no tema do Polígono Industrial teñamos contas, e de telas que se retiren os cartos das mesmas e se abran novas contas en calquera outra entidade bancaria.

3.- Solicita unha nova data para coñecer como van quedar os locais do concello.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos.